

Gallinago gallinago (Linnaeus, 1758)

	becacina, becacina cabra, cerreta
	agachadiza común
	istinger arrunta, mingorra
	becadell, bequeruda, becassina, cegall
	common snipe
	narceja-comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 80-140 g

Longitude 25-27 cm

Envergadura 44-47 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Charadriiformes	Scolopacidae	<i>Gallinago</i>

ALIMENTACIÓN

Invertebrados acuáticos.

COMPORTAMENTO

Son animais diúrnos, que viven todo o ano en bandadas. Ave migratoria en case toda a súa distribución, invernando en zonas cálidas e criando en frías e temperadas, inda que existen bastantes pequenas poboacións sedentarias.

REPRODUCCIÓN

O período de celo dáse entre abril e xuño. Fórmanse parellas novas cada ano. Poñen 2-5 ovos entre maio-xullo que as femias incuban durante 19-20 días. Cada un dos pais coida a metade da camada. A cría voa aos 10-20 días e acada a madurez sexual pouco despois.

HÁBITAT

Prados húmidos, riberas, marismas e pantanos.

DISTRIBUCIÓN

Gran parte da Eurasia continental, Islandia, illas Feroe, Británicas, bálticas, danesas, e mediterráneas, sur de Xapón, Hainan, Taiwán, Filipinas, norte de Borneo, Sri Lanka e illas Andamán; norte do Magreb e Exipto, arredores do Nilo, Canarias, Socotra e metade norte da África subsahariana.

CURIOSIDADES

Poden camuflarse perfectamente na herba grazas á coloración das súas plumas.

A subespecie presente no campus é *Gallinago gallinago gallinago* (Linnaeus, 1758), propia de toda a distribución agás Islandia, illas Feroe, Orcadas e Shetland.